

**RESUMO ORZAMENTO
GASTOS 2018
POR CAPÍTULOS**

CAPÍTULO	IMPORTE	PORCENTAXE
1	4.242.992,00	40,32%
2	4.600.752,00	43,72%
3	50.500,00	0,48%
4	711.000,00	6,76%
6	407.550,00	3,87%
9	450.000,00	4,28%
1	60.500,00	0,57%
	10.523.294,00	100,00%



Concello do Grove

MEMORIA DA ALCALDIA O ORZAMENTO DA CORPORACIÓN PARA O ANO 2018

De acordo co establecido no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), preséntase para a súa aprobación o proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio de 2018.

Do mesmo, expónse por esta Alcaldía a seguinte memoria explicativa:

O orzamento elaborouse de acordo coa estrutura por programas e económica derivada da Orde 3565/2008 de 3 de Decembro e da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, que modifica a anterior, executarase de acordo co disposto no RD 500/90 e contabilizarase segundo as normas derivadas da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.

Non existe máis orzamento para o presente exercicio que o da propia Corporación, por non existiren organismos autónomos dependentes nin sociedades mercantís de capital integramente local.

O proxecto de orzamento para 2018, que se presenta para a súa aprobación, ascende en gastos a cantidade de **10.523.294,00 €** e en ingresos á cantidade de **10.523.294,00 €**, co cal, apróbase sen presentar déficit inicial. As diferencias máis significativas con respecto ao Orzamento do exercicio anterior de 2017 son as seguintes:

A) ESTADO DE INGRESOS

A1.- Os impostos directos, Capítulo I, elévanse a 3.866.001,00 €, tomando como base a cantidade liquidada neste capítulo durante o exercicio anterior, supón un incremento de 66.000 €. basicamente, esta diferenza a alta, está motivada pola altas de IBI.

A2.- Os impostos indirectos, capítulo II, que están constituídos unicamente polo Imposto de Obras e Construcións, sitúanse en 70.000,00 € o que supón prever



Concello do Grove

como ingresos a mesma cantidade liquidada que no anterior exercicio de 2017.

A3.- O capítulo III, taxas e outros ingresos, orzáméntase inicialmente en 3.346.505,00 €, o que supón un incremento de 378.331,00 € respecto do liquidado no exercicio anterior de 2017. Esta diferenca está básicamente motivada polo aumento da inclusión da parte correspondente aos concesionarios da festa do marisco no orzamento, xa que nos exercicios anteriores contabilizábase como ingreso non orzamentario, así como do aumento polo uso das instalación deportivas.

A4.- As transferencias correntes, que constitúen os conceptos do capítulo IV, suman 3.239.584,00 €, e representan un descenso respecto do orzamentado no exercicio inmediatamente anterior de 65.514,00 €. Esta variación está explicada, e individualizada por cada recurso, no anexo sobre as subvencións para gastos correntes, pero concréntanse na non orzamentación inicial de diversas subvencións concedidas ao longo do que levamos de exercicio e que xeraron crédito no prorrogado.

A5.- Os ingresos patrimoniais que se reflexan no capítulo V, cun importe de 1.201,00 €, están estimados polo liquidado no anterior exercicio de 2017.

A6.- No capítulo VI, denominado Enaxenación de Inversións Reais no se orzamenta inicialmente ningunha cantidade igual que no exercicio 2017.

A7.- Do capítulo VII, de transferencias de capital para inversións, dáse cumprida información no plan financeiro das inversións previstas, onde se pode ver cales destes recursos forman parte do orzamento inicial. As distintas inversións que se concederon durante o exercicio ou que nun futuro se poidan conceder contabilizaranse mediante expedientes de xeración de créditos, no momento en que a concedan por parte das distintas administración públicas ou calqueira outro Organismo.

A8.- Por último, destacar que no capítulo IX, constituído polas variacións de pasivos financeiros (operación de crédito), non se recolle previsión inicial algunha. A razón é que o préstamo que se tramita para o financiamento do Auditorio e apertura de rúa e aparcadoiros, aprobado polo Pleno da Corporación, foi incorporado o

Concello do Grove



Concello do Grove

orzamento mediante o expediente de modificacións de crédito que se tramitou para tal finalidade.

B) ESTADO DE GASTOS

B1.- O capítulo I, constituído polos gastos de persoal, experimenta un incremento de 153.232,00 €, respecto do liquidado no exercicio anterior de 2017. Os motivos deste aumento son básicamente, a creación dunha partida de 60.000 € para facer fronte ao incremento do 1,75% nas retribucións do persoal supeditada a aprobación da Lei de Orzamento Xerais do Estado para 2018.

Asimesmo ao aumento do complemento de produtividade na partida da policía, e na de cultura (normalización lingüística).

A praza da auxiliar administrativa de acción social, pasa de ½ xornada a xornada completa.

Técnico/a de turismo, que no 2017 no se orzamentou.

Aumento de 7 auxiliares de policía do verán a 10.

Aumento de 3 a 4 meses o coordinador dos socorristas.

B2.- No capítulo II, de compras de bens e servizos, as previsións iniciais ascenden a 4.600.752,00 €, 400.677,93 € máis que o orzamentado no exercicio anterior, o que supón o principal ámbito de gasto do presente orzamento representando un 43,72 % do gasto total.

B3.- Os capítulos III e IX, que recollen os gastos de intereses e amortizacións da débeda, suman 500.500,00 €.

B4.- O capítulo IV ascende a 711.000,00 €, e experimenta unha diminución de 13.210,93 € respecto do orzamentado en 2017. A diferenza ven motivada, pola baixa da subvención de BATA, , pola baixa da aplicación "Mancomidade do Salnés. Rede auga Ribadumia-Meis", polo aumento da partida de subvencións de actividades culturais, e polo aumento da partida da "Mancomidade do Salnés. Gastos Xerais".

B5.- Respecto das inversións reais, comprensivas do capítulo VI e VII da clasificación económica, dáse cumprida información no plan financeiro das inversións previstas e que sería redundante reproducilas aquí, de tal xeito, remítome a dito documento para a súa análise, tanto no referente as finalidades das inversións como os recursos que as financian.

Concello do Grove



Concello do Grove

Finalmente, indicar que para facilitar una xestión ordinaria máis áxil, conforme ao establecido nos artigos 28 e 29 do Real Decreto 500/1990 e no artigo 172 do TRLFL, os niveis de vinculación xurídica dos créditos para gastos do Orzamento quedan establecidos na área de gasto e no capítulo, respecto á clasificación por programas e económica respectivamente.

Explicadas e xustificadas do anterior xeito as diferencias máis importantes que presenta este proxecto de Orzamento para 2018, e dado que os estados de gastos e ingresos representan e cubren as necesidades que para este exercicio deberá afrontar esta Corporación, propónse ó Pleno da Corporación adoptar o acordo de aprobar o expediente do Orzamento para o ano 2018, xunto co Cadro de Persoal, Bases de Execución e demais documentación complementaria que se acompaña xunto con esta memoria.

O Grove, 12 de xuño de 2018

O ALCALDE
Jose Antonio Cacabelos Rico

(Documento asinado dixitalmente á marxe)



Concello do Grove

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2018

Tal como establece o art. 165 do RDLex 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), estas bases teñen como finalidade a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria a organización e circunstancias desta corporación, así como aquelas que se consideran precisas para unha acertada xestión dos gastos e recadación dos recursos públicos.

Non conteñen preceptos contrarios a normas que regulan a administración económica ou que requiren outros procedementos administrativos, nin reproducen o que xa regula con detalle, tanto o RDLex 2/2004 de 5 de marzo (TRLRFL) como o RD 500/1990 de 20 de abril polo que se aproba o Regulamento Orzamentario das Entidades Locais (ROEL)

BASE PRIMEIRA: NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS

A aprobación, execución e liquidación do Orzamento Xeral, así como o desenvolvemento da xestión económica xeral e a súa fiscalización, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral que regulan a actividade económica das Corporacións Locais e polas presentes Bases de Execución do Orzamento, redactadas de acordo có disposto no artigo 165.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL).

BASE SEGUNDA: ESTRUTURA ORZAMENTARIA

Para a confección deste orzamento aplicouse a estrutura por programas e económica aprobada pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro de 2008 do Ministerio de Economía e Facenda así como pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.

En consecuencia os créditos incluídos no estado de gastos do orzamento preséntanse co seguinte detalle:

- a) Clasificación por programas: a nivel de grupos de programa.
- b) Clasificación orgánica: non se aplica.
- c) Clasificación económica: a nivel de subconcepto.

A aplicación orzamentaria será a conxunción das clasificacións por programas e económica e a súa expresión cifrada constituirá o crédito orzamentaria de cada unha delas.

BASE TERCEIRA: PRÓRROGA DO ORZAMENTO

Concello do Grove



Concello do Grove

Se ao iniciarse o exercicio económico seguinte non entrara en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o anterior ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior, ou estean financiados con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse no devandito exercicio.

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas nas leis. Unha vez aprobado o orzamento deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

BASE CUARTA: NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS

1.- Conforme ao establecido nos artigos 28 e 29 do Real Decreto 500/1990 e no artigo 172 do TRLFL, os niveis de vinculación xurídica dos créditos para gastos do Orzamento quedan establecidos na **área de gasto** e no **capítulo**, respecto á clasificación por programas e económica respectivamente.

Cando se pretenda imputar gastos a aplicacións orzamentarias que non figuren abertas na contabilidade por non dispor de dotación orzamentaria, non será necesario transferir crédito a esa partida non dotada, sempre que exista crédito ao nivel de vinculación xurídica,

2.- Os créditos para gastos con financiación afectada, os que figuren con destino específico e concreto e os gastos declarados ampliables, serán vinculantes ao nivel de desagregación ca que se encontren consignados.

BASE QUINTA: CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do Orzamento Xeral ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do RDLex 2/2004 (TRLRFL) e artigos 35 e 38 do Decreto 500/1990 (ROEL).

BASE SEXTA: CRÉDITOS AMPLIABLES

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados e que non se correspondan con operacións de crédito, tal como dispón o artigo 39.1 do Decreto 500/1990 (ROEL).

O procedemento para a tramitación e aprobación dos expedientes será o que segue:

1. Especificaranse os medios ou recursos que financian o maior gasto, acreditándose, en todo caso, o recoñecemento dos maiores ingresos sobre os previstos que financiarán o crédito que se pretenda ampliar.

2. A incoación e aprobación dos expedientes de ampliación de créditos, logo do informe da Intervención, corresponderalle ao Alcalde.

Concello do Grove



Concello do Grove

3. As aplicacións de gasto automaticamente ampliáveis e os conceptos de ingreso que as financiarán, polo importe dos maiores recursos que superen as previsións iniciais, serán as seguintes:

APLICACIÓN DE GASTOS	DENOMINACIÓN DO GASTO	CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN DO INGRESO AFECTADO
1531-22112	ACCESO NÚCLEOS POB, GASTOS INDEMNIZ POR SEGUROS	39800	INDEMNIZACIÓNS DE SEGUROS POR DANOS MATERIAIS
165 -22112	ALUMEADO GASTOS INDEMNIZ POR SEGUROS	39800	INDEMNIZACIÓNS DE SEGUROS POR DANOS MATERIAIS
231 -22609	ACCIÓN SOCIAL, PROGRAMA VELLO TEMPOS	34402	PREZO PÚBLICO VELLO TEMPOS
231 -22615	ACCIÓN SOCIAL, AXUDA A DOMICILIO	34100	PREZO PÚBLICO AXUDA A DOMICILIO
334 -22609	PROMOCION CULTURA, ACTOS E ACTIV CULTURAI	34400	PREZO PÚBLICO SERVIZOS E ACTIVIDADES CULTURAI
4311-22112	FESTA DO MARISCO, SUMINISTRO DE PRODUCTOS	39901	FESTA DO MARISCO, RECURSOS PROPIOS
1531-600.01	COMPRA DE TERREOS	11600	IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA
1531-611.00	INVERSIÓNS ACCESO NÚCLEOS POBOACIÓ		
1531-210.00	REPARAC. INFRASTRUCT. ACCESO NÚCLEOS POB.		
341.22606	ACTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS	34401	PREZO PÚBLICO ACTIVIDAD.DEPORTIVAS

BASE SÉPTIMA: TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO

As Transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

- a) Non afectarán aos créditos ampliáveis nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- b) Non se poderán minorar, mediante transferencia, créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos cerrados.
- c) Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

Os expedientes de transferencias de crédito inicianse por proposta do órgano xestor dos créditos ou pola Alcaldía, e serán informados pola Intervención, quen certificará da existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que deba ceder crédito.

Concello do Grove



Concello do Grove

A aprobación dos expedientes de transferencias de crédito que afecten a créditos de persoal e os que se realicen dentro dunha mesma área de gasto corresponderalle a Alcaldía.

A aprobación dos expedientes entre diferentes áreas de gasto corresponderalle ao Pleno, conforme ao establecido no artigo 179 do TRLRFL, salvo cando afecte a créditos de persoal. Na tramitación destes expedientes aprobados polo Pleno, serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación do Orzamento Xeral así como o réxime de recursos contra os citados Orzamentos.

Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica.

Nos casos en que existindo dotación orzamentaria dentro dun nivel de vinculación expresamente dotado e previsto no orzamento, se pretenda imputar gastos que corresponderían a outra aplicación do mesmo nivel de vinculación pero non expresamente prevista con dotación de crédito inicial, por non contar con dotación orzamentaria, non será precisa a operación previa de transferencia de crédito, pero no primeiro documento contable que se tramite con cargo a tales conceptos (A, AD ou ADO) haberá de se facer constar tal circunstancia mediante dilixencia en lugar visible que indique "primeira operación imputada ao concepto".

BASE OITAVA: XERACIÓN DE CRÉDITOS

Poderán xerar crédito nos Estados de Gastos do Orzamento Xeral os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

a) Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins e obxectivo do Concello.

b) Alleamento de bens.

En ambos supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito, que se dea o acto formal do compromiso de achega ou do recoñecemento do dereito, extremos que deberán ser acreditados pola Unidade de Contabilidade.

c) Prestación de Servizos.

d) Reembolso de préstamos.

Nos dous supostos anteriores o crédito xerarase no momento do recoñecemento do dereito, se ben a dispoñibilidade dos devanditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos, extremos que deberán ser acreditados pola Unidade de Contabilidade.

Os expedientes de xeración de crédito serán aprobados polo alcalde ou polo concelleiro delegado de área no suposto de delegación, logo do informe da Intervención no que deixe constancia de:

a) A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.

b) Os conceptos de ingreso onde se producise un ingreso ou compromiso non previsto no Orzamento inicial ou que exceda da súa previsión inicial e a súa contía.

c) As aplicacións orzamentarias do Estado de Gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

BASE NOVENA: INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EXERCICIO ANTERIOR

Concello do Grove



Concello do Grove

De conformidade co disposto no TRLRFL e no RD 500/1990, poderán incorporarse aos correspondentes créditos do orzamento de gastos do exercicio inmediato seguinte, sempre e cando existan suficientes recursos financeiros:

- a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as transferencias, concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio, e para os mesmos gastos que motivaron a súa concesión ou autorización.
- b) Os créditos que amparan compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores.
- c) Os créditos por operacións de capital.
- d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados.
- e) Os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados.

Con carácter xeral, a determinación dos remanentes incorporables e a aprobación dos expedientes de incorporación levarase a cabo xunto coa liquidación do orzamento, sendo competente a Alcaldía para a súa aprobación. Nembargantes, a incorporación de remanentes que amparen proxectos con financiamento afectado poderá realizarse, unha vez pechado o exercicio.

BASE	DÉCIMA:CRÉDITOS	NON	INCORPORABLES
-------------	------------------------	------------	----------------------

En ningún caso poderán ser incorporados os créditos que, declarados non dispoñibles polo Pleno da corporación, continúen en tal situación na data de liquidación do orzamento.

Tampouco poderán incorporarse os remanentes de crédito incorporados procedentes do exercicio anterior, salvo que amparen proxectos financiados con ingresos afectados que deban incorporarse obrigatoriedade.

BASE ÚNDECIMA: BAIXAS POR ANULACIÓN

Poderá darse de "baixa por anulación" calquera crédito do Orzamento de Gastos ata a contía correspondente ao saldo de crédito sempre que a devandita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo.

Poderán dar orixe a unha baixa de créditos:

- a) O financiamento de Remanentes de Tesourería negativa.
- b) A limitación da dispoñibilidade de créditos.

Para a tramitación dos expedientes de "baixa por anulación" observaranse os seguintes requisitos:

- 1) Iniciación do expediente polo Alcalde, ou polo Pleno.
- 2) Informe de Intervención.
- 3) Ditame da Comisión Informativa Xeral.

Corresponderalle ao Pleno a aprobación das baixas por anulación dos créditos incluídos no Orzamento Xeral.

Concello do Grove



Concello do Grove

BASE DUODÉCIMA: FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS

1. A xestión dos orzamentos de gastos da entidade realizarase a través das seguintes fases:

- a) Autorización do gasto (A).
- b) Disposición ou compromiso do gasto (D).
- c) Recoñecemento e liquidación da obriga (O).
- d) Ordenación do pagamento (P).

2. Poderase acumular nun mesmo acto administrativo de xestión do orzamento de gastos máis dunha fase de execución das numeradas, especialmente no caso de contabilización das nóminas de persoal, seguridade social e operacións de gastos financeiros, e producirán os mesmos efectos que si se acordasen en actos administrativos separados. Poden darse os seguintes supostos:

- a) Autorización – Disposición.
- b) Autorización - Disposición - Recoñecemento da obriga.

BASE DÉCIMOTERCEIRA: AUTORIZACIÓNS E DISPOSICIÓNS DE GASTOS

1. A autorización de gastos constitúe o inicio do procedemento de execución do gasto, sendo o acto administrativo en virtude do que se acorda a realización dun gasto determinado, en contía certa ou aproximada, para o que se reserva a totalidade ou parte dun crédito orzamentario. A disposición ou compromiso de gastos é o acto mediante o que se acorda a realización dun gasto previamente autorizado. Ten relevancia xurídica para con terceiros, e vincula á entidade local á realización dun gasto concreto e determinado, tanto na súa contía como nas condicións da súa execución.

2. A autoridade competente para as autorizacións e disposicións será o Presidente da Corporación, salvo que este último delegue na Xunta de Goberno Local, sempre que se trate de:

- Gastos derivados de obras, subministracións ou a prestación de servizos realizados dentro do ano natural para o que estea vixente este orzamento, exceptuando os que se correspondan con atrasos a favor do persoal ou que sexan derivados de resolucións xudiciais firmes.
- Que o seu importe non supere o 10% dos ingresos ordinarios do orzamento e que a súa duración non supere os catro anos.
- Que exista consignación suficiente no orzamento.

BASE DÉCIMOCUARTA: RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS

1. É o acto mediante o que se declara a existencia dun crédito esixible contra a entidade, derivado dun gasto autorizado e comprometido, logo da acreditación documental, ante o órgano competente, da realización da prestación ou o dereito do acredor, de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto. A competencia correspóndelle á Alcaldía, salvo que a delegue na Xunta de Goberno Local.

Concello do Grove



Concello do Grove

2. As facturas, certificacións de obra e demais documentos xustificativos da prestación presentarase no Rexistro Xeral de entrada do Concello. Dende a Intervención municipal serán enviadas ós distintos departamentos municipais para que reciban a súa conformidade, a cal, suporá que o servizo, suministro ou prestación efectuouse segundo o pactado.

3. Polo que respecta os requisitos para o recoñecemento e liquidación de obrigas seguiranse as seguintes regras:

- No caso de retribucións xustificaranse mediante as correspondentes nóminas mensuais.
- Nos gastos do capítulo II, as facturas deberán emitirse ao Concello do Grove e cumprir tódolos requisitos que marca o RD 1619/2012, admitíndose a factura simplificada para os casos sinalados no artigo 4 do mencionado texto normativo, isto é, cando non se supere a cantidade de 3.000,00 € IVE engadido no casos sinalados no citado artigo.
- Nos gastos do capítulo VI, inversións, con carácter xeral será necesario a presentación da certificación de obra acompañando á factura.

4. Unha vez finalizado o ano, poderá continuarse a imputar facturas ao orzamento, e unicamente durante o mes de Xaneiro, para evitar que as facturas do mes de Decembro teñan que ser aprobadas pola vía do recoñecemento extraxudicial de créditos.

BASE DÉCIMOQUINTA: ORDEACIÓN DE PAGOS

1. Compételle ao presidente da corporación ordenar os pagamentos, mediante un acto administrativo materializado en relacións de ordes de pagamento.

2. A expedición de ordes de pagamentos contra a Tesouraría só poderá realizarse con referencia a obrigas recoñecidas e liquidadas, salvo e cando por razóns de urxencia e con carácter excepcional (e previa aprobación do gasto polo órgano competente), teñan que tramitarse pagos pendentes de aplicación.

3. Os pagamentos efectivos realizaranse atendendo ás previsións de liquidez, antigüidade, categoría e urxencia para a correcta prestación dos servizos elementais e obrigatorios que debe prestar a corporación, debendo atenderse os preferentes previstos nas leis e os gastos de persoal.

4. A execución material dos pagamentos articularase mediante transferencia bancaria.

BASE DÉCIMOSEXTA: ORDES DE PAGAMENTO QUE SE HAN DE XUSTIFICAR

Con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pagamento, sen a previa aprobación da obriga, que terán carácter de "a xustificar". A súa expedición deberá axustarse ás seguintes normas:

1.- Soamente se expedirán ordes de pagamento para xustificar con motivo de adquisicións ou servizos necesarios nos que non sexa posible dispoñer de comprobantes con anterioridade á súa realización. Asimesmo, cando por razóns de oportunidade ou outras causas debidamente acreditadas se considere necesario para axilizar os créditos. Estas ordes non poderán ser superiores a **tres mil euros**, excepto no caso de pagamentos a interpretes ou artistas.

2.- Os fondos librados que se han de xustificar poderán situarse, a disposición da persoa autorizada, en conta corrente bancaria aberta para tal efecto, ou ben entregándose en efectivo ou por cheque nominativo ao perceptor.

Concello do Grove



Concello do Grove

3.- Os conceptos orzamentarios aos que son de aplicación as ordes de pagamento "que se han de xustificar", limítanse aos diversos conceptos do capítulo 2 da clasificación económica do Orzamento de gastos.

4.- A xustificación das ordes de pagamento expedidas co carácter de "que se han de xustificar" deberán efectuarse no prazo de 3 meses desde a súa expedición e, en todo caso, antes de que finalice o exercicio orzamentario.

5.- Os perceptores de fondos librados "que se han de xustificar" deberán render ante a Intervención conta xustificativa dos devanditos gastos achegando facturas e documentos que xustifiquen esta. A citada conta coa súa documentación e o informe da Intervención someterase á aprobación do alcalde.

Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ao reintegro dos percibidos en exceso, acompañando a devandita conta xustificante do ingreso efectuado.

De non renderse a conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor dos devanditos fondos, de conformidade co disposto para os efectos na Lei xeral orzamentaria. De igual modo procederase contra os perceptores de fondos librados "que se han de xustificar" polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.

6.- Só se poderán expedir ordes de pagamento "que se han de xustificar" cando o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados con este carácter.

Cando se trate de atencións de carácter periódico ou repetitivo terán o carácter de anticipos de caixa fixa.

BASE DÉCIMO SÉTIMA: GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL

A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos Orzamentos.

Os devanditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas nos artigos 174 do TRLFL e 79 a 88 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

No caso de investimentos, transferencias correntes e transferencias de capital, o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros non poderá exceder da contía que resulte de aplicarlles ás porcentaxes que se sinalan no parágrafo seguinte ao importe que se obtén despois de efectuar sobre o crédito inicial da aplicación orzamentaria de aplicación as seguintes operacións, e tendo en conta a "bolsa de límites" que resulte das normas de vinculación de créditos orzamentarios:

a) Dedución do importe dos compromisos de gastos plurianuais adquiridos en exercicios anteriores, na parte imputable ao exercicio corrente.

b) Incrementos derivados de modificacións de crédito tramitados no exercicio.

c) Minoracións por baixas ocasionadas por anulación de créditos ou por transferencias a outras partidas.

As porcentaxes expresadas no apartado anterior serán: polo exercicio inmediato seguinte o 70%, no 2º exercicio o 60%, no 3º e 4º exercicios o 50%.

BASE DÉCIMO OITAVA: TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTOS

1. Como sinala o artigo 110 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que

Concello do Grove



Concello do Grove

se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, os expedientes de contratación poderán ultimarse, incluso ca adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda que a súa execución, deba iniciarse no exercicio seguinte.

2. Nestes casos o prego cláusulas deberán someter a adxudicación á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente, sendo a Xunta de Goberno Local ou o Presidente da Corporación o órgano encargado de asumir tal compromiso.

BASE DÉCIMO NOVENA: FACTURA ELECTRÓNICA

En base ao establecido no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación de rexistro contable de facturas no sector público que permite que as Administracións Públicas poidan excluír regulamentariamente da obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 euros, exclúense da citada obriga as facturas cuxo importe sexa inferior a 500,01 euros.

BASE VIXÉSIMA: PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS

Corresponderalle a Tesoureira, conxuntamente co Interventor, a elaboración do plan de disposición de fondos da Tesourería e será a Alcaldía o órgano competente para a súa aprobación.

BASE VIXÉSIMO PRIMEIRA: APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DE DÉBEDAS

A tramitación das propostas de aprazamento e fraccionamento no pago de débedas axustarase ao previsto na lei 58/2003, de 28 de Decembro, xeral tributaria e nos artigos 44 a 54 do RD 939/2005, de 29 de Xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación, regulando estas bases os seguintes criterios de concesión

- 1.-Non se esixirá garantía cando o importe da débeda sexa inferior a 18.000,00 €.
- 2.-Con carácter xeral, respecto dos aprazamentos, seguiranse os seguintes criterios:
 - Para débedas inferiores a 3.000 €, por tres meses.
 - Para débedas entre 3.000 € e 6.000 €, por seis meses.
 - Para débedas superiores a 6.000 €, por un ano.

Con carácter xeral, para os fraccionamentos seguiranse os seguintes criterios:

- Para débedas menores de 100 €, non se concede fraccionamento.
- Para débedas entre 100 € e 600 €, ata catro prazos.
- Para débedas entre 601 € e 2.000 €, ata seis prazos.
- Para débedas maiores de 2.001 €, ata oito prazos.

O obrigado tributario deberá xustificar a falta de liquidez para facer fronte ao pago da débeda nos prazos solicitados. So con carácter excepcional, os prazos máximos establecidos para os aprazamentos e/ou fraccionamentos poderán ser ampliados mediante acordo, debidamente motivado, da Xunta de Goberno Local.

Concello do Grove



Concello do Grove

BASE VIXÉSIMO SEGUNDA: DOS INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

1. As liquidacións dos tributos, prezos públicos e demais dereitos municipais serán confeccionadas, expeditas e notificadas polos servizos económicos de Recadación, unha vez aprobadas pola Alcaldía, e adquirirán así a condición de provisionais. Serán definitivas de non se producir reclamación no prazo regulamentario en contra delas ou, presentándose esta, se é resolta desfavorablemente para o recorrente. Serán tamén definitivas as que expida a Intervención como consecuencia da estimación do recurso ou reclamación.

A Administración Municipal poderá investigar con posterioridade o feito e a base impositiva que orixinariamente servise de base para practicar a liquidación provisional. Desta investigación deducirase tamén a liquidación definitiva.

2. Nos tributos de cobramento periódico por recibo, os servizos económicos confeccionarán os padróns correspondentes, podendo examinarse os padróns e os documentos probatorios, contra os que poderán interpoñer os recursos pertinentes. O período de cobramento destes padróns será de dous meses, salvo que pola Alcaldía se estableza un período superior.

3. Unha vez aprobado pola Alcaldía o padrón correspondente e confeccionado o cargo para a recadación municipal das liquidacións ou tributos de cobramento periódico por recibo, farase o contraído en contabilidade mediante o documento "DR".

4. A recadación dos tributos e ingresos de dereito público municipal realizarase en período voluntario, mediante a orde de domiciliación ou nas oficinas das entidades colaboradoras (na propia oficina bancaria, nos caixeiros automáticos e a través da sede electrónica do concello-pasarela de pagos).

Unicamente admitirase o pago a través da caixa municipal, e mentres non se articulen outros mecanismos alternativos, para os seguintes conceptos e sempre que o seu importe non supere os 30 €:

- Conceptos engadidos no artigo 4 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación e expedición de documentos administrativos.
- Entrega de placa co sinal oficial e tramitación da concesión, previsto no artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos.

Exceptúanse do disposto na presente disposición, os ingresos procedentes da Festa do Marisco, do Museo da Salga, e por actividades culturais (entroido, cinemas

BASE VIXÉSIMO TERCEIRA: DAS OPERACIÓNS DE TESOURERÍA

Correspóndelle ao Presidente da corporación a subscrición, por un prazo non superior a un ano, das operacións de Tesouraría necesarias para sufragar déficits momentáneos de liquidez, cando o importe acumulado das operacións vivas desta natureza, incluída a nova operación, non supere o 15% dos recursos correntes liquidados no exercicio anterior. Unha vez superado o dito límite, a aprobación corresponderá ao Pleno da corporación.

BASE VIXÉSIMO CUARTA: DAS OPERACIÓNS DE PRÉSTAMO

1. No caso de ser precisa a subscrición dunha operación de crédito a longo prazo para

Concello do Grove



Concello do Grove

financiar investimentos non previstos, deberá ser acordada polo Pleno da Corporación previo a instrución do expediente onde se analizará previamente pola Intervención que se cumpren os requisitos recollidos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e o previsto no RDlex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

BASE VIXÉSIMO QUINTA: DAS SUBVENCÍONS

1.-As subvencións que se concedan polo Concello de O Grove con cargo as correspondentes aplicacións do orzamento, outorgaranse segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2.-O expediente administrativo previo que regulará a súa concesión deberá conter, entre outras particulares, as seguintes condicións:

- Un acordo de aprobación das bases, ou normas reguladoras, pola Xunta de Goberno Local, logo da fiscalización por parte da Intervención municipal. Só en casos excepcionais, a aprobación das bases poderá facela a Alcaldía. As bases terán o seguinte contido mínimo:
- Definición e obxecto da subvención.
- Importe total da subvención.
- Requisitos que deben reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e forma de acreditálos.
- Prazo para a presentación de solicitudes.
- Criterios obxectivos de valoración.
- Prazo para a xustificación e forma, que consistirá, en todo caso, na presentación de facturas orixinais dos gastos obxecto da mesma pagadas antes do fin do prazo de xustificación.
- Aqueles outros que se consideren necesarios en garantía dos interesados.

3.-O Concello poderá anticipar o 50% do importe da subvención concedida, con carácter excepcional e previa petición xustificada do beneficiario.

BASE VIXÉSIMO SEXTA : SUBVENCÍONS DIRECTAS E SUBVENCÍONS NOMINATIVAS

1.-Son subvencións nominativas as previstas expresamente no orzamento a favor do beneficiario. A súa concesión realizarase mediante a firma dun convenio onde se establecerán as obrigas e dereitos das partes e a forma e prazo da xustificación dos gastos subvencionados.

2.-O aboamento deste tipo de subvencións farase unha vez xustificada o gasto mediante os documentos acreditativos.

3.- Quedan circunscritas a este tipo específico de subvención directa, as axudas de emerxencia social. Estas axudas rexeranse pola normativa específica de servizos sociais.

BASE VIXÉSIMO SÉTIMA: NÓMINAS DE PERSOAL

1.- O pagamento de toda clase de retribucións aos funcionarios e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual.

Concello do Grove



Concello do Grove

2.- Todas as nóminas confeccionaranse, divididas nas seccións actuais ou naquelas que, a xuízo dos responsables de persoal, habilitación de pagamentos e Intervención, poidan considerarse máis adecuadas para a súa transparencia e fiscalización.

3.- O pagamento dos haberes efectuarase mediante transferencia á conta e entidade indicada polo perceptor destes.

BASE VIXÉSIMO OITAVA: AXUDAS DE CUSTO E INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO

